

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de novembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS.- Acórdase adiar a resolución do recurso de reposición presentado contra o decreto número 5473/2025 no que se acordou a non concesión da licenza urbanística para a construción dun almacén agrícola e apeiros de labranza no lugar de Canedo de Abaixo, parroquia do Burgo, Lugo (2024/Y001/000047-2025/P014/000074).

Acórdase aprobar a licenza urbanística para agrupación de parcelas e reforma interior de naves industriais con licenzas urbanísticas, 282/2015, 787/2005 e 943/05 para almacén de empresa de distribución de produtos de perfumería, cosmética e droguería, sitas na rúa da Industria, 96, e rúa da Terra, 94 e 95 (exp. 2025/Y001/000643).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos predios necesarios para a execución do Plan Parcial do Sector de Sud S-16.R, que pertencen aos propietarios non incorporados á xunta de compensación.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra de mellora de dous camiños municipais en Belesar (San Xoán do Campo) e Segade (Teixeiro), Lugo. Obra incluída no “plan camiña rural 2025-2026 (Agader)”, exp. ref. 2025/C002/000023.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e apertura do procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de material de imprenta. contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, exp. ref. 2025/C004/000037.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac891080546444315910.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-11-2025

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de apertura e atención ao público da sala expositiva espazo memoria viva do Cemiterio de San Froilán e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C003/000045.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de patrocinio publicitario co Club Deportivo Lugo, S.A.D., para os anos 2025, 2026 e 2027., exp. ref. 2025/C005/000008.

Acórdase retirar da orde do día por decisión da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua o prego de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación dunha representación da obra de teatro “1936” dentro da programación do Auditorio Fuxan os Ventos e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2025/C005/000013.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de pélets para o silo do edificio municipal impulso verde e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000035.

Acórdase a autorización da cesión do contrato na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación dos edificios municipais do Concello de Lugo, exp. ref. 2023/C003/000031.

Tamén se acorda a declaración de deserto do expediente de contratación da instalación e desinstalación de casetas, dinamización e decoración do Mercado de Nadal “nadalmente lucense”, exp. ref. 2025/C004/000031.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto e apertura do procedemento de adxudicación aberto na contratación-mediante lotes-da subministración de produtos de alimentación en xeral (lote 1) e alimentos frescos (hortalizas, vexetais, verduras e froita) lote 2 no Fogar do Transeúnte., exp. ref. 2025/C004/000041.

ÁREA DE GOBERNO DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

4. MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN.- Acórdase a ratificación de adhesión do Concello de Lugo na rede de cidades que camiñan.

Fóra da orde do día

- Contratación da obra de mellora de dous camiños municipais en Belesar (San Xoán do Campo) e Segade (Teixeiro), Lugo. Obra incluída no Plan Camiña Rural 2025-2026 (AGADER). Exp. Ref: 2025/C002/000023. Adxudicación.
- Contratación da instalación e desinstalación de casetas, dinamización e decoración do mercado de Nadal "Nadalmente Lucense". Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025-C004-000043.
- Delegación de competencias na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, para a adopción de tódolos actos, sexan de trámite ou resolutivos en relación ao "Convenio de colaboración entre os concellos de As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo para a representación, recuperación e Promoción da "Vía Kunig, así como adopción de compromiso de incorporación de crédito ano 2026.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.